



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación
Educativa**

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Plan Igualdade

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1





Índice

1. Introducción	3
2. Contextualización	3
3. Metodoloxía.....	5
4. Obxectivos	5
5. Contidos – Líneas de actuación.....	7
6. Actividades	7
• Actividades Semana da Muller 2025.....	8
• Anexos.....	11



1. **Introdución**

Educar en igualdade é algo necesario para seguir construíndo a sociedade do futuro onde homes e mulleres compartan vivencias e coñecementos en igualdade de oportunidades.

Os estereotipos sexistas seguen sostendo unha maneira de entender o mundo onde homes e mulleres ocupan diferentes posicións e atribúenselles capacidades ou incapacidades polo seu sexo, sen que se teñan en conta as súas características individuais. Esta desigualdade atravesamos todos os ámbitos e serve de xustificación para a discriminación por cuestión de xénero.

É fundamental que desde as institucións educativas contribúase a cambiar esta visión do mundo, a través dun proceso de reflexión e reinterpretación dos mitos e estereotipos que ata o de agora xustificaron a desigualdade e a discriminación.

No caso particular dos ensinos artísticos, dado o seu carácter creativo e colaborativo, podemos propoñer un traballo de sensibilización e coeducación desde idades aínda temperás ata a adolescencia, en cuxos obxectivos se profundará neste documento.

2. **Contextualización**

Dentro do proxecto educativo de centro, se recollen os **dereitos** do alumnado entre os que destacan os seguintes referidos a coeducación, igualdade e non discriminación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

Tamén nese documento recóllense os seus **deberes**, entre os que destacamos os seguintes:



c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

Para a promoción da igualdade entre homes e mulleres e segundo o artigo 23 e 24 dá Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, tómanse as seguintes medidas:

“1. As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, prodúzanse desigualdades entre mulleres e homes.

2. As Administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

a. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

b. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

c. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.

d. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

e. A cooperación co resto das Administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

f. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia.”



3. Metodoloxía

Para acadar os obxectivos propostos neste plan, a metodoloxía de actuación en todas as súas propostas guiarase polo diálogo activo entre os distintos membros da comunidade educativa a la hora de organizar actividades e promover proxectos que sexan de interese para o alumnado, o profesorado e tamén para a contorna, de xeito que o conservatorio poida ser un espazo aberto para coñecer o traballo e a pegada de mulleres admirables e onde a reflexión sobre materias de igualdade de xénero estea aberta para todo aquel que queira participar.

De cara ao alumnado, a actitude de escoita e empatía sen prexuízos será unha constante no diálogo, tanto no que apareza ante posibles casos de desigualdade o discriminación -no que se fará especial fincapé no coidado da súa autoestima e o seu autoconcepto- coma no que se dea para a proposta por parte deles y delas de actividades, proxectos o suxestións de mellora.

Por último, tratarase de fomentar unha actitude de respecto e de tolerancia entre todos os membros da comunidade educativa, de sensibilizar tamén en cuestións coma a importancia da interpretación de composicións escritas por mulleres, da visibilización de todas estas mulleres e do seu traballo, do coñecemento da traxectoria de grandes intérpretes mulleres e do fundamental que é para o alumnado ter referentes mulleres no seu instrumento.

4. Obxectivos

- Informar das medidas de actuación ante calquera caso de desigualdade e/o discriminación entre os membros da comunidade educativa.
- Dar a coñecer a figura e traxectoria de mulleres compositoras, musicólogas, investigadoras ou emprendedoras da historia da música.
- Visibilizar o repertorio escrito por compositoras actualmente e ao longo da historia dos distintos instrumentos.



- Participar no ciclo de Compositoras nas Aulas da Asociación de Mulleres na Música.
- Fomentar a presenza de música de compositoras nas programacións das distintas especialidades instrumentais ofertadas no conservatorio.
- Sensibilizar con actividades e proxectos á comunidade educativa sobre a importancia do respecto, a empatía, a non discriminación e a igualdade entre xéneros en todos os aspectos da vida.
- Propoñer contido informativo sobre a historia do feminismo e a súa traxectoria en datas crave (25N – 8M) para fomentar o debate e o pensamento crítico do alumnado sobre a situación actual da muller no mundo da música.
- Realizar actividades de sensibilización e coeducación para o profesorado e alumnado unha vez ao curso a través de sesións de formación, charlas e/o talleres cun experto o experta nesta materia ou en psicoloxía, pedagogía, etc.
- Organizar anualmente unha semana da muller con actividades variadas ao redor da figura dunha muller en concreto, concertos e concursos para o alumnado.
- Fomentar a proposta e realización de actividades que poñan en valor a traxectoria das mulleres intérpretes para que o alumnado teña tamén referentes femininos no seu instrumento.
- Promover o coñecemento das mulleres compositoras en activo hoxe en día na música contemporánea.
- Fomentar unha actitude de escoita, de empatía e de tolerancia por parte de todo o claustro ante os posibles problemas que poidan xurdir entre o alumnado respecto a temas de igualdade de xénero e discriminación.
- escoitar as propostas do claustro e do resto de membros da comunidade educativa para realizar actividades concretas ou poñer o foco no traballo dalgunha muller relevante pola súa traxectoria.



- Difundir eventos de interese ao redor da concienciación sobre a importancia da loita pola igualdade e a ausencia de discriminación.
- Promover a importancia do emprego da linguaxe inclusiva nos documentos do centro, nas publicacións en redes sociais e nas comunicacións internas aos membros da comunidade educativa.

5. Contidos – Líneas de actuación

O plan de igualdade conta con varias liñas de actuación principais. Estas son:

- Ofrecer un espazo seguro para calquera membro da comunidade educativa que poida sufrir un caso de desigualdade e/o discriminación, fomentar a formación en materia de coeducación por parte do claustro e abrir espazos de diálogo e debate respecto a materias de igualdade nas redes sociais e en eventos organizados no centro.
- Organizar actividades variadas para visibilizar a mulleres de gran traxectoria en distintos ámbitos do mundo da música para ofrecer referentes femininos ao alumnado.
- Sensibilizar ao profesorado para coñecer, normalizar e incluír o repertorio de mulleres compositoras dentro das programacións dos distintos instrumentos.

6. Actividades

Ao longo do curso, faranse actividades dedicadas a promover actitudes de coeducación, respecto, tolerancia e igualdade entre os membros da comunidade educativa, así como concertos para visibilizar o repertorio composto por mulleres actualmente e ao largo da historia. Detállanse aquí algunhas das máis relevantes:

- Semana da muller: actos, charlas, coloquios e profundar na figura dalgunha muller relacionada co mundo da música.
- Concursos de fotografía e debuxo sobre materias de igualdade para grao profesional e elemental.



- Actividades de sensibilización do alumnado (coma por exemplo a realización do vídeo “que é para ti a igualdade?”).
- Visibilización da traxectoria de mulleres no mundo da música ao longo da historia e na actualidade (concerto-homenaxe á pianista Alicia de Larrocha).
- Sensibilización da comunidade educativa nas datas importantes e de contido informativo en redes sociais o día 25 de novembro e ou 8 de marzo.
- Concertos pola igualdade no que se interpreta música de mulleres compositoras.
- Participación coa asociación de mulleres na música no ciclo de compositoras nas aulas coas actividades programadas na semana da muller.

• Actividades Semana da Muller 2025

Este curso, o fío condutor das actividades propostas desde Igualdade é *Mulleres Referentes*. Cremos que é importante ofrecerlle ao alumnado, sobre todo ás alumnas, referentes femininas nos campos profesionais máis diversos posibles, co fin de procurar no conxunto do alumnado a inspiración e a ilusión no seu proceso de formación.

Deste xeito, o programa de actividades deste ano conta con entrevistas, encontros, concertos, coloquios, asistencia a concertos, clases maxistras, charlas, intercambios e, coma sempre, concertos pola igualdade na semana da muller.

SEMANA DA MULLER / MES DE MARZO:

- **Concertos pola igualdade**: participación de profesorado e alumnado do centro. En función do número de propostas, faranse un o dous concertos dentro da semana da muller.



- **Acto para a firma da Carta de Igualdade da AMM:** este ano a Asociación de Mulleres na Música concedeunos o Grado I de igualdade como centro educativo e firmarase a carta nun acto ao redor da música, a poesía e o silencio como silencio simbólico pola represión e discriminación sufridas de xeito histórico pola muller.
- **Mural de mulleres traballadoras:** pedirilles ao alumnado imaxes das mulleres traballadoras das súas familias realizando algunhas tarefas dos seus traballos. Expoñer nun mural no centro co nome, cidade e profesión.
- **Intercambio Teresa Procaccini CMUS Coruña:** proposta de igualdade do CMUS da Coruña. Actividade na que participa alumnado de conxunto de piano nun concerto o 24 de marzo na Coruña e outro o 1 de abril en Santiago.

CONCURSOS SEMANA DA MULLER:

- **Premios:** ANPA 50€ e 20€ de premios, vales para mercar libros na librería feminista Lila de Lilith.
- **Grao profesional:** concurso multidisciplinar (foto, performance, collage, debuxo, pintura...) sobre temática libre feminista.
- **Grao elemental:** concurso de debuxo. A túa personaxe feminina favorita de ficción o debuxos animados.

MULLERES REFERENTES:

- **Encontros ao redor de compositoras:** Raquel García Tomás e Helga Arias. Asistencia aos concertos nos que a RFG interpreta obras súas. Actividades ao longo do curso sobre a súa traxectoria profesional e as características compositivas da súa obra.
- **Encontro con Noelia Rodiles:** mércores 4 de decembro, ás 19:00 no auditorio do CMUS, charla previa ao concerto da pianista xunto á RFG o xoves 5.
- **Curso de interpretación de trompa:** 21 a 23 de marzo. Primeira muller trompista en obter unha praza nunha orquestra galega.



DATAS SIGNIFICATIVAS:

- **25N**: día contra a violencia de xénero. Publicación nas redes, carteis no centro.
- **8 de marzo**: día internacional da muller traballadora. Referentes nas redes. Carteis no centro. Mural mulleres referentes coas actividades feitas ao longo do curso.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS:

- **Día das letras galegas**, actividade en colaboración co EDLG sobre as mulleres referentes na familia, a oralidade e as tradicións.

REDES SOCIAIS:

- Frases e **citas célebres**: baixo o epígrafe de mulleres referentes.
- Efemérides relacionadas cun dereito o un fito na historia do feminismo, tanto avance como retroceso.
- Crear unha **lista de reprodución** de música de intérpretes femininas de todo tipo de música.

OBRADOIROS PARA O ALUMANDO DE GRAO ELEMENTAL:

- **Librería Lila de Lilith**: dous obradoiros ao redor da igualdade e a coeducación para o alumnado de grao elemental. Un sobre mulleres na historia e outro sobre a diversidade e as relacións en igualdade.

BIBLIOTECA:

- **Club de lectura**: proposta dalgunha lectura feminista ao longo do ano. Clara Serra, “El sentido de consentir”.



• Anexos

ESPECIALIDADE	PORCENTAXE VARÓNS	PORCENTAXE MULLERE
Acordeón	80%	20%
Canto	8%	92%
Contrabaixo	70%	30%
Clarinete	32%	68%
Fagot	38%	62%
Frauta	16%	84%
Guitarra	49%	51%
Oboe	34%	66%
Percusión	74%	26%
Piano	34%	66%
Saxofón	74%	26%
Trompa	56%	44%
Trombón	79%	21%
Trompeta	73%	27%
Tuba	89%	11%
Viola	39%	61%
Violonchelo	39%	61%
Violín	32%	68%



	PROFESORES	PROFESORAS
Equipo directivo	75%	25%
Xefes/as departamento	55%	45%
Coordinadores/as de programas	63%	37%
Directores/as de agrupacións	38%	62%

Datos estadísticos das proporciones entre homes e mulleres no curso 24-25, tanto no alumnado como no profesorado en determinados postos de organización e a dirección das agrupacións.